

VI. ANUNCIOS**A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS**

ANUNCIO do 17 de xuño de 2025 polo que se somete ao trámite de información pública o proxecto de trazado dos traballos de minoración da xeración de efluentes ácidos na contorna do desmonte dos Airíos e o viaduto do Eume, de clave AC/22/108.09, así como a relación individual de bens, dereitos e propietarios afectados polo proxecto.

Mediante a Resolución do director da Axencia Galega de Infraestruturas do 16 de xuño de 2025 aprobase provisionalmente o proxecto de trazado dos traballos de minoración da xeración de efluentes ácidos na contorna do desmonte dos Airíos e o viaduto do Eume, de clave AC/22/108.09, no municipio das Pontes de García Rodríguez (A Coruña).

Considerando o exposto e o establecido na normativa vixente,

ACORDO:

Primeiro. Que, para os efectos previstos no artigo 56.1 do Decreto do 26 de abril de 1957 polo que se aproba o Regulamento de expropiación forzosa, se someta ao trámite de información pública, durante un período de quince (15) días hábiles a contado a partir do seguinte ao da publicación deste anuncio no *Diario Oficial Galicia*, a relación individual de bens, dereitos e propietarios afectados pola realización da obra correspondente, para que os afectados presenten cantas alegacións ou rectificacións consideren convenientes en canto aos bens e dereitos descritos na relación anexa.

A documentación do proxecto estará á disposición da cidadanía na sede central da Axencia Galega de Infraestruturas, no Servizo de Infraestruturas da Coruña, na casa do Concello das Pontes de García Rodríguez e na páxina web da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, onde tamén figura un extracto do documento cos obxectivos, localización e descrición da actuación:

<https://vivendaeinfraestruturas.xunta.gal/informacion-publica/estudos>

Santiago de Compostela, 17 de xuño de 2025

Francisco Menéndez Iglesias
Director da Axencia Galega de Infraestruturas

CVE-DOG: qwoqrfr2-ifz3-qhf8-1js5-hd80911kiur1





ANEXO

Relación de bens, dereitos e propietarios afectados

Traballos de minoración da xeración de efluentes ácidos na contorna

do desmonte dos Airíos e o viaduto do Eume

Clave AC/22/108.09

Concello das Pontes de García Rodríguez.

Nº	Referencia catastral	Políg.	Parc.	Titular	NIF	Sit. básica do solo (RDL 7/2015)	Expropiación m²	Bens afectados		
								Cant.	Ud.	Descrición
1	15071A044010010000YA	44	1001	Endesa Generación, S.A.	A82434697	Rural	12.901	300	Ud.	Árbore madeireira (piñeiro)